



Pontevedra, 1 de xullo de 2016

Vista a Resolución Reitoral de 30 de maio de 2016, pola que se publica a convocatoria de matrícula na Universidade de Vigo para o curso académico 2016/2017 para as ensinanzas de grao e titulacións a extinguir:

Rematado o primeiro prazo de presentación de solicitudes para a realización do **Curso de Adaptación ao Grao en Enfermería**, curso ponte, e de acordó con punto 2.7 da resolución anterior, **esta Dirección,**

**RESOLVE:**

Facer público a listaxe provisional de solicitudes admitidas a trámite. (Anexo I).

Dado que todas as solicitudes presentadas cumpren os requisitos para seren admitidas a trámite, e o número de persoas solicitantes non excede ao número de prazas ofertadas, e cumpren os requisitos para seren admitidas, **esta listaxe pode considerarse como publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas no primeiro prazo.**

As persoas admitidas deberán formalizar a matrícula do día 3 ao día 22 de agosto consonte ao establecido na convocatoria de matrícula para o curso académico 2016/2017.

As persoas interesadas nas prazas vacantes, 3 pola cota do 30% para os que obtivesen a diplomatura nos 3 cursos académicos anteriores ao curso no que se pretenden matricular, e outras 6 prazas do grupo de persoas que acceden pola cota do 70% para os que obtivesen a diplomatura en cursos académicos distintos aos anteriores, (segundo o establecen os "Criterios específicos de selección e distribución de prazas"), **poderán presentar a súa solicitude no seguinte prazo: do 1 ao 5 de agosto.** A seguinte listaxe publicada será a correspondente a listaxe provisional de solicitudes admitidas a trámite no segundo prazo, o día 9 de agosto.

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso ante a xurisdiccion contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á publicación desta resolución que se fai no taboleiro de anuncios da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra.

Así e todo, os/as interesados/as poderán optar por interpor contra esta resolución, recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes mencionado, mentres non recaía resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordó co disposto na Lei 4/99 do 13 de xaneiro modificadora da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Común.

O DIRECTOR,

Miguel A. Piñón Cimadevila



ANEXO I

**LISTAXE PROVISIONAL DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE PARA O CURSO DE  
ADAPTACIÓN AO GRAO 2016-2017:**

- MARIA JOSÉ FERNÁNDEZ MÉNDEZ

NOTAS: Dado que todas as solicitudes presentadas cumpren os requisitos para seren admitidas a trámite, e o número de solicitantes non excede ao número de prazas ofertadas e cumpren os requisitos para seren admitidas, **esta listaxe pode considerarse como publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas no primeiro prazo.**